

CARACTERÍSTICAS DOS NENOS E NENAS DE EI

Temos que coñecer as características dos nenos e das nenas se queremos acompañalos no seu crecemento e así axudalos de forma axeitada sabendo que é o que se pode esperar segundo a idade.

Aínda que se dan variacións entre os nenos hai certas características que son comúns aos que se encontran en determinado grupo de idade. A súa vez é importante ter en conta que todo crecemento implica un proceso persoal, é algo paulatino que vai cumprindo etapas, pasiños para adiante e algúns para atrás.

Poderíamos resumir dicindo que a personalidade dos nenos/as desta idade evoluciona ó longo de tres etapas:

-Etapa do conflitos ou de oposición, na que debe superar o egocentrismo propio das idades máis temperás e chegar á toma de conciencia do propio “eu” ou descentración.

-Etapa de equilibrio ou tranquilidade, na que o neno/a vivencia a satisfacción por descubrir e desenvolver novas destrezas e habilidades mediante a experimentación e a manipulación.

-Etapa de curiosidade, por descubrir o contorno, na que o neno/a acadada un notable desenvolvemento cualitativo que lle permite razoar nun plano máis abstracto e facer xeneralizacións máis profundas.

No seu **desenvolvemento psicomotor**:

1. Móvese con soltura, espontaneidade e harmonía.
2. Acelera e modera a marcha a vontade.
3. Empeza a manifestar predominancia dun lado sobre outro.
4. Inhibe mellor movementos involuntarios.
5. Atópase preparado para definir a súa lateralidade e construír o seu esquema corporal a través da exploración do propio corpo
6. Oriéntase no espazo e no tempo
7. Incrementa o control do ton muscular e a respiración
8. Desenrola independencia segmentaria.
9. Realiza a pinza correctamente.

10. Presenta un gran desenvolvemento da motricidade fina: recorta, resga, debuxa, escribe...

No seu **desenvolvemento afectivo e social**:

1. Prodúcese un afianzamento do “eu” e da súa aceptación.
2. Asume as diferenzas sexuais
3. Reclama máis independencia e amosa maior seguridade en se mesmo.
4. Amosa interese polas actividades e contactos sociais, establecendo boa comunicación cos demais membros do grupo e cos seus familiares.
5. Gústalle participar en actividades que involucren ao colexio, á familia, ...
6. Asume papeis de diversos personaxes no xogo e nas relacións que se dan a partir distes, o que supón un importante avance no coñecemento do mundo social que o rodea.
7. Planifica e desenvolve accións, poñéndose de acordo cos que van xogar con el/ela.
8. Empeza a realizar xogos de regras que implican actuar de acordo con normas ou códigos.
9. Relacionase ben cos outros nenos/as, gozando coa conversación e compartindo.

No seu **desenvolvemento cognitivo**:

1. Amosa unha gran fantasía e imaxinación
2. Planifica e medita a súa acción con anterioridade.
3. É quen de diferenciar cores, formas, tamaños.
4. Desenrola o pensamento simbólico, que lle permite substituír calquera obxecto pola súa representación.
5. Pode empregar diversas relacións de carácter abstracto e construír xeneralizacións.
6. Amosa gran interese por aprender e esa curiosidade fai que reclame coñecer distintos lugares, historias e sucesos doutros tempos.
7. O pensamento faise progresivamente máis lóxico: Isto maniféstase nas conversacións, realiza series, clasificacións, ...

No seu **desenvolvemento moral**:

1. Consólidase a esencia de conceptos morais ben estruturados.
2. Comeza a extraer o esencial de cada actividade que realiza e o obxectivo último. Este é un paso decisivo na formación das primeiras

representacións e nocións morais e éticas, así como dos valores alcanzables á súa comprensión: cooperación, axuda mutua, solidarizade, amizade, ...

3. Agrádalle cooperar cos adultos nas tarefas, de xeito que a constitución de valores acada un maior desenvolvemento.

No desenvolvemento da **linguaxe**:

1. Presenta todas ou a maioría das estruturas básicas da lingua, evolucionando as dificultades de articulación
2. Expresa acontecementos de xeito bastante coherente e sen erros temporais.
3. Relata algúns feitos fora do contexto inmediato.
4. Domina as relacións de lugar
5. Establece conversacións cada vez máis complexas e contextuais.
6. Utiliza a linguaxe co seu carácter regulador e controla a súa conduta por demandas verbais, axustando o comportamento nas diferentes situacións cotiás.